



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE PARA A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE XESTIÓN CULTURAL.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dunha parte, Dona Rosa M^a Crujeiras Casais, reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela), en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitora polo Decreto 26/2026, do 6 de abril (DOG número 66 do 10 de abril de 2026), que actúa en nome e representación da devandita entidade en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Ambas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido nos artigos 27.18 e 19 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado nos artigos 148.1.16 e 17 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten entre as súas competencias e obxectivos a promoción e difusión da cultura, a promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago e a promoción e o ensino da lingua galega.

Terceiro: Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación.



Cuarto: Que a USC e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desexan colaborar, mediante a creación da Cátedra Institucional na promoción do ámbito da Xestión Cultural con especial atención á Xestión Patrimonial a través da investigación, acrecentamento, difusión, valorización e transmisión ás xeracións futuras dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia e da investigación e difusión a prol da mellor protección e conservación dos mesmos.

Quinto: O presente convenio rexeráse polo establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, así como no Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da USC, aprobado o 7 de febreiro de 2020.

Sexto: O Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da USC establece, no seu artigo 3, o procedemento de creación das cátedras institucionais e, no seu artigo 4, indica que para a creación das cátedra é necesario un acordo de aprobación do Consello de Goberno da USC e establece tamén o contido mínimo que debe incluír o convenio no que se formaliza a súa creación.

Sétimo: O convenio atende ao establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, cumprindo cos requisitos de validez e eficacia, determinándose, entre outras cuestións, que a subscripción deste convenio no supón a cesión da titularidade de competencias, e mellora a eficiencia da xestión pública e a utilización conxunta de medios e servizos públicos contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública.

Por todo isto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexirá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é a formalización da creación da Cátedra Institucional de Xestión Cultural, de acordo co Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela aprobado o 7 de febreiro de 2020. A cátedra créase no presente acto polas dúas partes e enténdese como foro para a execución de actividades docentes, académicas e investigadoras afectas a un campo do coñecemento como é a Xestión Cultural e a salvagarda do patrimonio cultural.

De acordo co artigo 26 de la Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que a Universidade de



Santiago de Compostela é a única entidade promotora deste proxecto, actuación que se encadra dentro da liña de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, ao tempo que se considera de interese social a realización da mesma. Así mesmo, o obxecto do presente convenio está incluído no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe medidas para a difusión dos traballos realizados para a protección e incremento do patrimonio cultural de Galicia, o seu análise e investigación técnica, a organización e participación en cursos e congresos e o desenvolvemento de accións e actividades nun marco educativo que introduza aspectos relacionados co patrimonio cultural, cumprindo con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Segunda: achega económica.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia contribuirá con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.433A.744.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de 50.000,00 € nas anualidade de 2026 e 2027, en base ao seguinte detalle:

Anualidade 2026	25.000,00 €
Anualidade 2027	25.000,00 €
TOTAL	50.000,00 €

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación 13.04.433A.744.0, código de proxecto 2015 00332 dos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrência con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario

A Universidade de Santiago de Compostela:

- 1.- Proporcionará o espazo físico, de uso non necesariamente exclusivo, e os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo.
- 2.- Será a responsable da xestión económica dos fondos da Cátedra, así como da execución e xustificación dos gastos, de acordo coas normas e procedementos propios e a normativa xeral vixente.

- 3.- Establecerá, no seu caso, os mecanismos de recoñecemento académico dos cursos, actividades ou materias impartidas na Cátedra, nos termos previstos na normativa que resulte de aplicación.
- 4.- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora. Así mesmo, o beneficiario debe dar a adecuada publicidade e información de que as actuacións están subvencionadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en todas as actividades que se realicen no marco da Cátedra.
- 5.- Outorgará o necesario recoñecemento institucional á Cátedra.
- 6.- Executar, no prazo de vixencia do convenio, o obxecto do mesmo.
- 7.- O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.

Cuarta: Obxectivos da cátedra

A cátedra ten como finalidade última a realización de actividades de formación, creación cultural e artística, promoción da investigación e innovación, así como a divulgación e transferencia de coñecementos nas áreas de cultura e de patrimonio cultural. De maneira específica ten como obxectivos:

- a) Potenciar o sector da cultura na sociedade lucense e, por extensión, na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto na súa vertente social como formativa e económica.
- b) Detectar as posibles fortalezas e debilidades das industrias culturais en Galicia.
- c) Desenvolver estudos culturais de carácter internacional, nacional, autonómico e local coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento sostible dende a cultura e a xestión do patrimonio cultural.
- d) Promover a innovación e inclusión nun ámbito tan esencial para o benestar como é a cultura.
- e) Propoñer políticas culturais e de salvagarda do patrimonio cultural e unha xestión da cultura adaptadas á realidade do presente e do futuro, procurando novas fórmulas sustentadas na reflexión, acción e creatividade.
- f) Fomentar a colaboración entre a USC e o sector profesional do ámbito da xestión cultural.
- g) Aqueloutras accións que se consideren de interese por ambas as dúas partes.
- h)

Estes obxectivos da Cátedra Institucional de Xestión Cultural poden concretarse de xeito máis particular nas seguintes actividades:



a) Actividades formativas, de apoio e promoción:

- Organización de conferencias, seminarios, encontros e cursos de extensión universitaria.
- Dotación de premios a teses de doutoramento, traballos fin de grao e máster.
- Promoción de encontros con expertos e visitas a entidades, empresas e institucións.
- Elaboración de informes técnicos sobre bens integrantes do patrimonio cultural (BIC, Patrimonio da Humanidade, etc.).

b) Actividades de creación cultural e artística:

- Exposicións artísticas
- Exposicións de coleccións de innegable importancia

c) Actividades de promoción da investigación e innovación:

- Potenciación de liñas ou proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) de interese conxunto.
- Fomentar a participación en proxectos de investigación.
- Promover a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento.

d) Actividades de difusión e transferencia de coñecemento:

- Realización de xornadas de divulgación cultural, científica, social ou humanística.
- Publicacións sobre temas de interese relacionados coa temática da Cátedra.
- Divulgación das actividades realizadas.

En todo caso a realización destas actividades quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria coa que conte a Cátedra en cada momento.

A Cátedra servirá, así mesmo, como instrumento para favorecer a colaboración entre o persoal investigador, o profesorado e profesionais de renome internacional, tanto co profesorado e persoal investigador da USC como cos profesionais da xestión cultural e patrimonial.

As actividades da Cátedra desenvolveranse en galego, castelán e inglés, e en calquera outro idioma que se considere idóneo.

Quinta: Estrutura da Cátedra.

A Cátedra inscríbese na USC, que facilitará os medios materiais e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento, e contará como órgano unipersonal con un/unha director/a responsable da execución do programa de actividades.

Ademais, contará cunha Comisión Mixta de Seguimento que reunirase, como mínimo, unha vez ao ano.

Así mesmo, designarase unha co-dirección de apoio nomeada polo reitor/a da USC a



proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais, coa iniciativa da Dirección da Cátedra.

Sexta: Dirección da Cátedra

A Cátedra contará, como órgano unipersoal, con un/unha director/a que será nomeado/a polo reitor/a da USC a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais e oída a Comisión de Seguimento e terá unha vinculación permanente como persoal docente e investigador, con dedicación a tempo completo á USC. Tamén poderá ocupar este cargo o profesorado emérito desta universidade.

Serán funcións da Dirección da Cátedra:

- Elaborar, organizar e desenvolver a programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra que previamente valide a Comisión de Seguimento.
- Elaborar e xestionar economicamente os presupostos anuais da Cátedra necesarios para o desenvolvemento da programación de actividades.
- Presentar á Comisión de Seguimento a memoria anual de actividades e a memoria anual de actividades e a memoria económica da Cátedra.
- Presentar á Vicerreitoría competente mostras dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra.
- As previstas no Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da USC do 7 de febreiro de 2020.

Sétima: comisión paritaria.

Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a USC e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento presidida polo vicerreitor/a competente en materia de Cátedras Institucionais.

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Así mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio, asumindo, ademais, as funcións establecidas no Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela.

A súa composición será a seguinte:

Pola USC:

- O/A vicerreitor/a con competencias en Cátedras Institucionais, que presidirá as reunións desta Comisión.
- O/A vicerreitor/a que, por razón da materia, puidera estar vinculado/a á actividade da Cátedra.
- O/A director/a da Cátedra.

Pola Consellería de cultura, Lingua e Xuventude:

- O/A director xeral de patrimonio cultural.
- O/A director territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Lugo.
- O/A Subdirectora xeral de conservación e restauración de bens culturais/protección do patrimonio cultural.

Actuará como secretario/a da Comisión o/a o director/a da Cátedra.

A totalidade dos integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

O réxime de funcionamento interno da Comisión será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- Aprobar o plan anual de actividades, xunto co orzamento correspondente, ademais de calquera modificación deste.
- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- Promover e autorizar a intervención doutras entidades que desexen colaborar coa Cátedra en temas de interese común que favorezan a consecución dos seus obxectivos.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio de colaboración polo que se constitúe a Cátedra.

Oitava: Actividades da Cátedra

A Dirección da Cátedra elaborará un Plan Anual de Actividades da Cátedra.

Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se contemplan no correspondente proxecto, que deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición do plan de traballo, que incluíra as distintas fases e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- c) Presuposto total desagregado por conceptos.



- d) Medios materiais e humanos que requira a actividade.
- e) Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- f) Nome da persoa designada respectivamente pola Universidade e pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

As actividades para cada ano do período 2026-2027, ambos os dous incluídos, son as seguintes:

2026	Actividades da Cátedra	
Actividade	Descrición	Contía
Conferencias	Conferencia de apertura “ <i>O impacto do sector cultural na economía sostible</i> ”. Celebración dunha conferencia no marco do acto de presentación institucional da cátedra.	2.000 €
Exposicións	Exposición “ <i>O Arde Lucus</i> ”. Organización dunha exposición como motivo da celebración do 25 aniversario do Arde Lucus.	12.900 €
Premios	Convocatoria do I Premio de Investigación en Xestión Cultural “Ana Goy Diz” co gallo de contribuír á promoción da investigación e innovación, así como a divulgación e transferencia de coñecementos no sector cultural e do patrimonio cultural.	3.000 €
Difusión de actividades	Mesa redonda “ <i>O Arde Lucus a debate</i> ” Desenvolvemento dunha mesa de debate integrada por diferentes representantes das asociacións culturais para reflexionar sobre os posibles desafíos de hoxe e mañá do Arde Lucus.	1.500 €
Actividades de xestión e mantemento	Deseño e mantemento de sitio web e redes sociais, logo, banner, funxibles e gastos de xestión e organización.	5.600 €
Total:		25.000 €

2027	Actividades da Cátedra	
Actividade	Descrición	Contía



Difusión de actividades	Mesa debate-coloquio “Patrimonio cultural, educación e benestar” Desenvolvemento dunha mesa de debate-coloquio integrada por diferentes profesionais de recoñecido prestixio para analizar o papel dos bens e manifestacións culturais e da educación patrimonial, o benestar social e a loita contra o despoboamento.	4.400 €
Premios	Convocatoria do II Premio de Investigación en Xestión Cultural “Ana Goy Diz” co gallo de contribuír á promoción da investigación e innovación, así como a divulgación e transferencia de coñecementos no sector cultural e do patrimonio cultural.	3.000 €
Actividades de difusión e transferencia do coñecemento	Publicacións (monográfico) de impacto sobre temas de interese relacionados coa temática da Cátedra.	12000 €
Actividades de xestión e mantemento	Mantemento de sitio web e redes sociais, funxibles e gastos de xestión e organización.	5.600 €
Total:		25.000 €

Novena: xustificación das inversións

A USC xestionará os recursos da Cátedra procedentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como calquera outros fondos que a Cátedra obteña por outras fontes.

A xestión económica da Cátedra realizarase de acordo coas orientacións dos seus órganos responsables, Dirección e Comisión Mixta de Seguimento, e de conformidade coas normas e procedementos establecidos pola USC.

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.



De acordo co artigo 29.2 de la Lei de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao final do período de vixencia do convenio.

Documentación que ten que presentar o beneficiario: para a percepción da axuda será necesario presentar, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

1. Certificación detallada dos gastos, expedida pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
3. Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar al día no cumprimento dos deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).
4. Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
5. Informe ou memoria sobre as actividades realizadas, onde se describan as actuacións realizadas e a avaliación dos resultados obtidos froito delas.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación das inversións queda fixado no 15 de decembro de cada un dos dous anos de vixencia do presente convenio. Admitiranse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026.

Os gastos posteriores ao 15 de decembro de 2026 poderán se imputados a anualidade 2027.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante,

<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>

Pago da subvención: realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o que foi concedida. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.



Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación das inversións dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Décima: facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non asume máis obriga que a de transferir a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Undécima: período de vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2027**.

Previo informe favorable da Comisión de Seguimento poderán propoñerse e solicitarse prórrogas do período de vixencia deste convenio debéndose tramitar a oportuna addenda ao mesmo.

Duodécima: notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que teñan a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, de recibir notificacións electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar con un certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física

ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira: outros deberes do beneficiario

1. Non alterar o destino da achega.
2. Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
3. Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
4. Efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada neste convenio.
5. O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
6. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
7. Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo cuarta: subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten un valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo quinta: réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa. Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo sexta: publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarse á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo séptima.- Confidencialidade e difusión das actividades.

As partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, ou de organización interna pertencente á outra parte, á que puidese ter acceso na execución deste convenio, agás que esas informacións sexan de dominio público.

As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das actividades programadas.

En todas as comunicacións públicas das actividades da Cátedra, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Décimo oitava.- Dereitos de propiedade Intelectual e Industrial.

Todos os dereitos de Propiedade Intelectual e Industrial que puidesen desenvolverse durante a execución do exercicio das actividades da Cátedra pertencerán ás Partes, como titulares destes, debéndose citar as autorías. Na explotación dos dereitos a participación será proporcional a achega realizada na súa consecución.

Décimo novena: Causas de resolución e modificación do convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



subvencións de Galicia. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e data expresados.

O Conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude,

José Carlos López Campos

A Reitora da Universidade de Santiago
de Compostela,

Rosa M^a Crujeiras Casais



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/

Dona _____ con

DNI _____, en nome e representación da entidade

_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que para a seguinte

actuación _____, a devandita entidade

solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, ___, de _____ de 2026.



ANEXO II

Don/Dña _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/

Dña _____
_____, con DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, con
CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN (2 díxitos)
- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/Dna

_____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade _____
_____, con CIF

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)